



Ordenanza fiscal nº 28, reguladora da taxa por prestación dos servizos de ensino na escola municipal de música. Concello de Sada

Artigo 1.- Fundamento e natureza

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e ó amparo do disposto nos artigos 58 e 20.4.v) da mesma lei, este Concello establece a Taxa por prestación dos servizos de ensino na Escola Municipal de Música, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.-

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos servizos de ensino de música e movemento, linguaxe musical, práctica instrumental e vocal e restantes materias que imparte a Escola Municipal de Música.-

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.-

Artigo 4.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.-
2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.-

Artigo 5.- Devengo

Considérase devengada a taxa, nacente a obriga de contribuír, cando se inicie a prestación do servizo ou da actividade, con periodicidade mensual. Non obstante, a cota de matrícula devégase cando se presente a solicitude da mesma.

Artigo 6.- Tarifas

A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas Tarifas seguintes:

1.- Tarifa xeral.-

Matrícula anual, **30 euros**.

Cotas mensuais:

Música e Movemento/iniciación, **12 euros**.

Música e Movemento/formación básica, **15 euros**.

Guitarra, Violín ou Piano, mais linguaxe musical, **30 euros**.

Resto de especialidades instrumentais, mais linguaxe musical, **20 euros**.

2.- Membros de familia numerosa de categoría xeral.-

Matrícula anual, **20 euros**.

Cotas mensuais:

Música e Movemento/iniciación, **10 euros**.

Música e Movemento/formación básica, **12 euros**.

Guitarra, Violín ou Piano, mais linguaxe musical, **25 euros**.

Resto de especialidades instrumentais, mais linguaxe musical, **15 euros**

3.- Membros de familia numerosa de categoría especial.-

Matrícula anual, **15 euros**.

Cotas mensuais:

Música e Movemento/iniciación, **8 euros**.

Música e Movemento/formación básica, **10 euros**.

Guitarra, Violín ou Piano, mais linguaxe musical, **20 euros**.

Resto de especialidades instrumentais, mais linguaxe musical, **12 euros**

Artigo 7.- Normas de xestión

1. Os interesados deberán aportar para a súa inscrición definitiva na actividade correspondente, a documentación esixida en cada caso xunto co documento acreditado de pago de taxa, que poderá realizarse en calquera entidade bancaria colaboradora ou na Tesourería da entidade local. Sen dito xustificante non se poderá cursar a matrícula anual. Tampouco se cursará a matrícula cando o solicitante non estea ó corrente de débedas de cursos anteriores.
2. As débedas non satisfeitas nos termos deste artigo esixiranse por vía de constrinximento, de acordo co que dispón o Regulamento Xeral de Recadación.
3. A cota mensual de ensinanza é obrigatoria desde o día primeiro de cada mes, ou desde aquel no que teña lugar a reincorporación ou alta, debendo satisfacerse en réxime de autoliquidación, de acordo co previsto no art. 27.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.
4. En ningún caso a cota mensual será fraccionable.
5. En calquera momento, e a requirimento da Intervención, o responsable das actividades poderá esixir aos suxeitos pasivos da taxa os xustificantes das liquidacións efectuadas, que non consten na Intervención municipal. En todo caso os responsables do servizo remitirán á Intervención municipal os xustificantes de ingresos a efectos da súa fiscalización e posterior aplicación orzamentaria.
6. As liquidacións da taxa por prestación do servizo na Escola de Música deberán aprobarse polo órgano competente, previa fiscalización pola Intervención municipal.

Disposición Final

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día vintedous de abril de dous mil cinco, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín da Provincia e será de aplicación a partir do día quince de xuño de 2005, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día vintedous de abril de dous mil cinco, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín da Provincia e será de aplicación a partir do día quince de xuño de 2005, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa